

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A O APOIO Á CELEBRACIÓN DE EXPOBÚS IBERIA 2025, IV FEIRA DO TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR CARRETERA

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de planificación, financiamento e ordenación do transporte. En concreto correspóndelle á Dirección Xeral de Mobilidade a planificación, a coordinación e o seguimento da política xeral de transportes e a execución dos servizos e das infraestruturas do transporte na Comunidade Autónoma; así como a promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade.

Antecedentes: A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes asinou o 24 de novembro de 2025, un Convenio de colaboración coa Fundación Semana Verde de Galicia para o apoio á celebración de Expobús 2025, IV Feira do Transporte de Viaxeiros por carretera.

Finalidade: Para os efectos sinalados, formalizouse coa Fundación Semana Verde de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e Fundación Semana Verde de Galicia para a participación na Feira de Transporte de Viaxeiros por carretera que se celebrou en Silleda os días 20, 21 e 22 de novembro de 2025.

A Fundación Semana Verde de Galicia é unha institución sen fin de lucro creada en 1991 e declarada de interese galego, entre as actividades realizadas pola Fundación destaca a organización de Expobús Iberia, feira de transporte de viaxeiros por estrada, consolidándose como unha importante feira do sector a nivel nacional.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte: Os convenios entre administracións públicas e entidades sociais constitúen un mecanismo adecuado para desenvolver a cooperación en materias de interese común, tal e como





establece o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Aplicación orzamentaria e importe: A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes achegará 14.950 euros, para financiar os gastos asociados á organización do congreso no exercicio económico de 2025. Esta achega realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 05.08.512A.743.01 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Mobilidade

Judit Fontela Baró

